


ACTIVIDADE ■ Mañá nun encontro organizado pola AELG no que tamén falarán sobre a poesía como necesidade e a importancia dos premios

Os escritores novos debaten sobre a literatura ante o seu idioma

O V Encontro de Escritores/as Novos/as ante vellas preocupacións, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, celebrarase mañá no Palacio de Exposiciones Kiosko Alfonso da Coruña, co patrocinio do Centro Español de Dereitos Reprográficos, a Deputación da Coruña e a Concellaría de Cultura do Concello da Coruña.

As sesións comezarán ás 10.00 horas cunha mesa redonda titulada *Que ten a poesía que ningúen a le pero todos a precisamos*, coordinada por Antía Otero, na que partici-



María Xosé Bravo e Cesáreo Sánchez na presentación do encontro



parán Celso Fernández Sanmartín, Óliver Laxe e Álvaro Negro. Seguidamente, ás 12.00 horas, Francisco Castro coordinará a mesa redonda *Pero tan importantes son os premios literarios?*, con Leticia Costas, Olalla Cociña e Lucía Novas.

A derradeira mesa redonda, ás 17.00 horas, analizará a problemática da literatura galega de hoxe ante o seu idioma, con intervencións de María Lado, Olalla Tuñas e Xosé Daniel Costas, coordinados por Marta Dacosta. O encontro finalizará cun recital a partir das 19.00 horas.

Esta actividade ten como obxectivo crear un espazo para que os autores/as mozos/as teñan a posibilidade de debater sobre os seus proxectos e expectativas e valorar os camiños que está seguindo a súa producción literaria. O ano pasado, o encontro acolleu, entre outras propostas, unha mesa sobre poesía última con Andrea Núñez, Alicia Fernández e Gonzalo Hermo. ● MARE

■ MAIS

A mitoloxía da morte

A Asociación de Escritores en Lingua Galega, co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza tamén as III Xornadas de Literatura de Tradición Oral hoxe e mañá. *Mitoloxía da morte: agoiros, ánimas e fantasmas* é o título da edición deste ano.

O acto de inauguración está previsto para hoxe ás 17.00 horas no Salón de Actos da Deputación de Lugo, e contará coa presenza de Antón Bao, vicepresidente da Deputación de Lugo, e de Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega. As sesións celebraranse no salón de actos da Deputación.

MARE